

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	FRIOL
Edificio	Igrexa de San Martiño de Prado
Dirección	Lugar do Prado de Arriba, s/n. 27227
	43.021971 -7.822646
Protección	
Descrición	<p>Igrexa de orixe románica ou tardorrománica con sucesivas reformas na época barroca, sobre todo no século XVII. Está construída en sillería granítica regular. A cuberta é de lousa e a dúas augas. No exterior, a porta principal é alintelada, pero os ecos románicos obsérvanse no arco de medio punto tapiado sobre impostas e xambas lisas. Sobre a porta ábrese unha ventá alintelada. O conxunto da fachada remata en aleróns curvos no tellado e nunha espadana con dous vans para as campás e un terceiro van superior. Os remates decorativos resólvense con pináculos de perfil curvo típicos do barroco. Na porta sur tamén se aprecian restos románicos no lintel pentagonal decorado cun entrelazo cruciforme moi erosionado. Igualmente son románicos os canzorros, case todos eles ornamentados con motivos xeométricos, algúns con rolos, e un, situado no muro sur, debeu ser figurativo, pero está moi deteriorado. Tamén no exterior, fronte á fachada, consérvase, aínda que roto e sen a tapa, un sartego antropomorfo medieval.</p> <p>No interior, a fábrica románica consérvase en parte das naves e nas columnas sobre as que se alza o arco triunfal. Estas columnas teñen o fuste liso e decoración vexetal moi estilizada nos capiteis. Para Yzquierdo Perrín, estes capiteis son máis propios do gótico, e de feito sitúa este exemplo no primeiro cuarto do século XIII, cando do románico só perduraban os seu ecos.</p> <p>A capela maior, segundo consta na inscrición, foi restaurada en 1696. Os retablos laterais son barrocos, do século XVIII.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	Naralliensis, terrasdefriol.blogspot.com
Data	22-07-2024

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso

Espadana	<u>Menor.</u>	<u>BLANCO ISLA, GREGORIO (PACIOS) (RIBAS ALTAS)</u>	1901	50	72
Espadana	<u>Maior.</u>	<u>BLANCO ISLA, GREGORIO (PACIOS) (RIBAS ALTAS)</u>	1901	60	125

Información completa: [Igrexa de San Martiño de Prado - FRIOL \(GALICIA\)](#)

PDF (18-06-2026)